

Coa colaboración de:



XUNTA
DE GALICIA



A violencia de xénero non entende de virus

Nestes momentos de crise sanitaria, lembramos tamén que seguen estando operativos os servizos 24 horas de alerta da Garda civil, a través dos teléfonos de emerxencias:

062

e

112

Se te atopas nunha situación de vulnerabilidade e risco extremos, non dubides en pedir axuda a través do

016

Este número de teléfono conéctate cun servizo telefónico de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero. Trátase dun teléfono dirixido non só ás vítimas deste problema, senón a toda a sociedade.

Debido á obriga que illarse para frear a transmisión do COVID-19, moitas mulleres vítimas de violencia machista poden atoparse confinadas xunta o seu agresor. Desde o Ministerio de Igualdade lembran que o servizo de atención ás vítimas segue activo tamén vía telemática.

016-online@mscbs.es.

Tanto as vítimas como as persoas que coñezan unha muller que estea a sufrir violencia machista poden chamar ao teléfono, que é gratuíto, anónimo e non deixa rastro na factura telefónica. Non só poden chamar ou poñerse en contacto as vítimas, tamén se anima a veciñanza a dar aviso se a muller en cuestión non pode facelo.

Este servizo está dispoñible en 52 idiomas e tamén para persoas con discapacidade auditiva ou de fala.

Tamén desde a Fundación contra os malos tratos poñen un teléfono a disposición de todas as mulleres: «Se sofres violencia de xénero e estás illada en corentena co teu agresor, chama ao teléfono gratuíto e de atención 24 horas:

900 100 009